

"O dolmen de Dombate" (1895):

“...Nas súas antigas glorias,
Nos seus duros combates,
Nos nos nosos vellos dolmens
E castros verdejantes...”.

Pondal. *Queixumes dos pinos*, 1935.



TURISMO MEGALÍTICO II

Documento do mes
Novembro 2022

Dolmen de Dombate, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial. Deputación da Coruña.

Tal como sinalamos no documento anterior, as novas competencias en conservación de monumentos que asume a Deputación nos anos 70, apuntan á dinamización do territorio a través da paisaxe cultural, coa adquisición e revalorización de obxectivos como o [Castelo de Vimianzo \(1973\)](#), o [Mosteiro de Caaveiro \(1974\)](#) ou os [Dolmens de Dombate, Axeitos e Cabaleiros \(1975\)](#).

E nada é máis indicado, no mes dos defuntos, que abordar o culto aos mortos desde os espazos rituais funerarios da nosa prehistoria remota, megalitos coruñeses, algún deles paradigmático, erixidos como arcas da nosa memoria colectiva.

O Dolmen de Axeitos (Ribeira), coñecido co lendario nome de Pedra do Mouro, é unha cámara funeraria octogonal irregular, formada por 7 laxas verticais, ortostatos, cerrados por outra laxa de cuberta, apoiada soamente en tres puntos, que alcanza unha altura de 2 metros. Do corredor aberto ao Leste, únicamente perduran 3 ortostatos. (Ver [Memoria técnica 30/11/1982](#), [Plano topográfico 2001](#), [Plano parcelario 2003](#)).

O Dolmen de Cabaleiros (Tordoia), tamén denominado Casa da Moura, é unha cámara aberta poligonal formada por 7 ortostatos cunha lousa pétreas, de 30 metros de diámetro e 2 de altura. É o único que mantén o murete simbólico proxectado por Fernández-Gago, no ano 1982. (Ver [Memoria técnica 30/11/1982](#)).

O Dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) é a estrutura megalítica máis importante e mellor conservada de Galicia, un dos mellor estudiados de Europa, debido ás exhaustivas escavacións patrocinadas pola Deputación da Coruña, desde os anos 80. Considérase o xacemento emblemático do patrimonio arqueolóxico galego. Unha singularidade causada pola envergadura e complexidade das estruturas arquitectónicas e materiais: as superposiciones de monumentos, o ciclópeo ortostato do cerre Oeste, as áreas de entrada, as evidencias estratigráficas dos seus relevos, os ídolos e os restos de pintura mural con motivos xeométricos, no corredor e na cámara. (Ver [Plano de emplazamiento 1975](#), [Memoria técnica 30/11/1982](#), [Plano terrenos colindantes 1991](#) e [Plano topográfico 2005](#)).

Trátase dunha estrutura ortostática complicada, o primeiro caso de superposición de monumentos nun mesmo emprazamento, que evoluciona dun menor e simple a outro complexo, maior. En primeiro lugar atópase unha masa tumular, parcialmente cuberta por unha coraza pétreas e aberta á fronte nun "dromos" ou pasaxe de entrada, que conduce á porta do corredor. Oculta os restos dun monumento anterior, de cámara simple, que demostra unha evolución ao longo do tempo. O resultado das análises de Carbono 14, documenta a construcción arredor do ano 3600 a.C. e o seu peche arredor do 2500 a.C. (Ver BOPs [30/03/2004](#) e [19/04/2006](#)).

O enterramento, sobre o cal se levanta un montículo de pedras e un túmulo de terra, empregábase como tumba colectiva e punto de referencia da poboación que habita a zona. Conserva dous túmulos, o máis antigo, alberga unha cámara formada por 9 ortostatos dun metro de altura, con orientación Este, cóbrese cun túmulo de 10,5 m de diámetro. Á súa vez, está englobado por outro túmulo maior, de 24 m de diámetro e 1,80 de altura, máis recente. A entrada está cerrada cunha laxa vertical cuberta de pedras.

O segundo dolmen consiste nunha cámara poligonal formada por 7 ortostatos, o maior de 4 por 3 metros, con apertura ao exterior por un corredor de acceso de 3 tramos orientado ao Leste. O interior está decorado con curiosos petróglifos e pinturas rupestres. Alí e na súa contorna apareceron follas de sílex, frechas, machadas puídas, colares, cerámica e 20 ídolos de pedra, dispostos fronte ao corredor, no límite do dolmen.


No 1988, o arqueólogo José María Bello escava totalmente o corredor e parte da cámara. En 1989 finaliza a escavación da cámara, á vez que se realiza a primeira intervención de conservación das súas pinturas. No 1992 acométense unha segunda intervención nas pinturas do corredor. Unha atención en mellora constante ata chegar a un completo Plan Especial de Protección no ano 2002, modificado no 2005. (Ver [Fotos visita protocolaria 16/09/1989](#), Actas [23/12/2004](#) e [28/04/2005](#)).

Segundo Francisco Vidal, foron os estudos das pinturas, o elemento crítico de Dombate, que determina os requisitos de conservación, esixindo unha cuberta permanente sobre o dolmen e o túmulo. Tras un denso debate entre a conservación e o acceso, óptase por unha estrutura de madeira e cristal, deseñada polo propio Vidal como cuberta protectora e centro de visitantes. A cúpula recibiría, no ano 2016, o Premio á Construción Sostible.

Finalmente, a Deputación inaugura un novo concepto de Dombate, no 2011, cunha visión en certa medida agresiva da conservación, que modifica a relación do monumento coa contorna. É unha exposición museolóxicamente densa que facilita a comprensión do xacemento. Mostra a primeira humanización da paisaxe galega, unha monumentalidade fascinante, destinada a perdurar no tempo, na nosa historia colectiva.

[Bibliografía empregada](#)

Textos e dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descripción documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección de texto galego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: Actas: 23-12-3004, 28-04-2005, BOPs: 30-03-2004, 19-04-2006, H-67-69, F8-4-95.



"O dolmen de Dombate" (1895):

“...Nas súas antigas glorias,
Nos seus duros combates,
Nos nos nosos vellos dolmens
E castros verdejantes...”.

Pondal. *Queixumes dos pinos*, 1935.



TURISMO MEGALÍTICO II

Documento del mes
Noviembre 2022

Dolmen de Dombate, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial. Deputación da Coruña.

Tal como señalamos en el documento anterior, las nuevas competencias en conservación de monumentos que asume la Diputación en los años 70, apuntan a la dinamización del territorio a través del paisaje cultural, con la adquisición y revalorización de objetivos como el [Castillo de Vimianzo \(1973\)](#), el [Monasterio de Caaveiro \(1974\)](#) o los [Dólmenes de Dombate, Axeitos y Cabaleiros \(1975\)](#).

Y nada es más indicado, en el mes de los difuntos, que abordar el culto a los muertos desde los espacios rituales funerarios de nuestra prehistoria remota, megalitos coruñeses, alguno de ellos paradigmático, erigidos como arcas de nuestra memoria colectiva.

El Dolmen de Axeitos (Ribeira), conocido con el legendario nombre de Pedra do Mouro, es una cámara funeraria octogonal irregular, formada por 7 losas verticales, ortostatos, cerrados por otra losa de cubierta, apoyada solamente en tres puntos, que alcanza una altura de 2 metros. Del corredor abierto al Este, únicamente perduran 3 ortostatos. (Ver [Memoria técnica 30/11/1982](#), [Plano topográfico 2001](#), [Plano parcelario 2003](#)).

El Dolmen de Cabaleiros (Tordoia), también denominado Casa da Moura, es una cámara abierta poligonal formada por 7 ortostatos con una losa de cubrición. Conserva parte de la mámoa, el túmulo que envuelve la estructura pétreas, de 30 metros de diámetro y 2 de altura. Es el único que mantiene el murete simbólico proyectado por Fernández-Gago, en el año 1982. (Ver [Memoria técnica 30/11/1982](#)).

El Dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) es la estructura megalítica más importante y mejor conservada de Galicia, uno de los mejor estudiados de Europa, debido a las exhaustivas excavaciones patrocinadas por la Diputación de A Coruña, desde los años 80. Se considera el yacimiento emblemático del patrimonio arqueológico gallego. Una singularidad causada por la envergadura y complejidad de las estructuras arquitectónicas y materiales: las superposiciones de monumentos, el ciclópeo ortostato del cierre Oeste, las áreas de entrada, las evidencias estratigráficas de sus relieves, los ídolos y los restos de pintura mural con motivos geométricos, en el corredor y en la cámara. (Ver [Plano de emplazamiento 1975](#), [Memoria técnica 30/11/1982](#), [Plano terrenos colindantes 1991](#) y [Plano topográfico 2005](#)).

Se trata de una estructura ortostática complicada, el primer caso de superposición de monumentos en un mismo emplazamiento, que evoluciona de uno menor y simple a otro complejo, mayor. En primer lugar se encuentra una masa tumular, parcialmente cubierta por una coraza pétreas y abierta al frente en un "dromos" o pasaje de entrada, que conduce a la puerta del corredor. Oculta los restos de un monumento anterior, de cámara simple, que demuestra una evolución a lo largo del tiempo. El resultado de los análisis de Carbono 14, documenta la construcción hacia el año 3600 a.C. y su cierre hacia el 2500 a.C. (Ver BOPs [30/03/2004](#) y [19/04/2006](#)).

El enterramiento, sobre el cual se levanta un montículo de piedras y un túmulo de tierra, se empleaba como tumba colectiva y punto de referencia de la población que habita la zona. Conserva dos túmulos, el más antiguo, alberga una cámara formada por 9 ortostatos de un metro de altura, con orientación Este, se cubre con un túmulo de 10,5 m de diámetro. A su vez, está englobado por otro túmulo mayor, de 24 m de diámetro y 1,80 de altura, más reciente. La entrada está cerrada con una losa vertical cubierta de piedras.

El segundo dolmen consiste en una cámara poligonal formada por 7 ortostatos, el mayor de 4 por 3 metros, con apertura al exterior por un corredor de acceso de 3 tramos orientado al Este. El interior está decorado con curiosos petroglifos y pinturas rupestres. Allí y en su entorno aparecieron hojas de sílex, flechas, hachas pulidas, collares, cerámica y 20 ídolos de piedra, dispuestos frente al corredor, en el límite del dolmen.

En 1988, el arqueólogo José María Bello excava totalmente el corredor y parte de la cámara. En 1989 finaliza la excavación de la cámara, al tiempo que se realiza la primera intervención de conservación de sus pinturas. En 1992 se acomete una segunda intervención en las pinturas del corredor. Una atención en mejora constante hasta llegar a un completo Plan Especial de Protección en 2002, modificado en 2005. (ver [Fotos visita protocolaria 16/09/1989](#), [Actas 23/12/2004](#) y [28/04/2005](#)).

Según Francisco Vidal, fueron los estudios de las pinturas, el elemento crítico de Dombate, que determina los requerimientos de conservación, exigiendo una cubierta permanente sobre el dolmen y el túmulo. Tras un denso debate entre la conservación y el acceso, se opta por una estructura de madera y cristal, diseñada por el propio Vidal como cubierta protectora y centro de visitantes. La cúpula recibirá, en 2016, el Premio a la Construcción Sostenible.

Finalmente, la Diputación inaugura un nuevo concepto de Dombate, en 2011, con una visión en cierta medida agresiva de la conservación, que modifica la relación del monumento con el entorno. Es una exposición museológicamente densa que facilita la comprensión del yacimiento. Muestra la primera humanización del paisaje gallego, una monumentalidad fascinante, dirigida a perdurar en el tiempo, en nuestra historia colectiva.

[Bibliografía empleada](#)

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descripción documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección de texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: Actas: 23-12-3004, 28-04-2005, BOPs: 30-03-2004, 19-04-2006, H-67-69, F8-4-95.